

# FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO

## PROTOCOLO POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19

### MODALIDADE DE PRECISIÓN

Aprobado en Comisión Delegada o 4 de xullo de 2020

Modificado por S.X.D o 28 de decembro de 2020

Modificado en Comisión Delegada o 9 de abril de 2021 (Entrega de premios)

Modificado por S.X.D. el 28 de outubro de 2021 (Alternativas ó uso de máscara)

Modificado por S.X.D. o 22 de febreiro de 2022 (Comunicación e seguemento de  
sintomatoloxía Covid19)

Mofificado por S.X.D. o 22 de abril de 2022 (Uso da máscara e seguemento de  
positivos)



**PROTOCOLO POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA  
FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19**

**MODALIDADE DE PRECISIÓN**

## ÍNDICE

<b>1.</b>	<b>INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>3</b>
<b>2.</b>	<b>OBJECTO E METODOLOXÍA.....</b>	<b>4</b>
<b>3.</b>	<b>MEDIDAS XERAIS PARA REDUCIR O RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19 .....</b>	<b>4</b>
<b>3.1.</b>	<b>MEDIDAS DE DESINFECCIÓN E LIMPEZA DE SUPERFICIES E MATERIAL .....</b>	<b>5</b>
<b>3.2.</b>	<b>MEDIDAS PARA OS AXENTES QUE DIRECTA OU INDIRECTAMENTE PARTICIPEN NA PRÁCTICA DEPORTIVA (Staff, deportistas, acompañantes, público, etc.) .....</b>	<b>6</b>
<b>3.3.</b>	<b>MEDIDAS DE VENTILACIÓN DAS INSTALACIÓNS .....</b>	<b>7</b>
<b>3.4.</b>	<b>USO DE VESTIARIOS .....</b>	<b>8</b>
<b>3.5.</b>	<b>USO DE BAÑOS.....</b>	<b>9</b>
<b>3.6.</b>	<b>OUTRAS MEDIDAS.....</b>	<b>9</b>
<b>4.</b>	<b>COORDINADOR DO PROTOCOLO FEDERATIVO .....</b>	<b>11</b>
<b>5.</b>	<b>COMUNICACIÓN E SEGUIMENTO DE SINTOMATOLOXÍA COVID-19.....</b>	<b>11</b>
•	<b>COORDINADOR FISICOVID-DXTGALEGO DO CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA .....</b>	<b>12</b>
<b>6.</b>	<b>PROCEDEMENTO DE COMUNICACIÓN DE INCIDENCIAS (CLUBS, FEDERACIÓN E SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE).....</b>	<b>13</b>
<b>7.</b>	<b>AVALIACIÓN DOS RISCOS DE TRANSMISIÓN DE SARS-COV-2 PARA EVENTOS E ACTIVIDADES MULTITUDINARIAS NO CONTEXTO DE NOVA NORMALIDADE POR COVID-19 NOS PROTOCOLOS FISICOVID-DXTGALEGO ESPECÍFICOS DAS COMPETICIÓNS, EVENTOS E ACTIVIDADES.....</b>	<b>14</b>
<b>8.</b>	<b>TÁBOA DE IDENTIFICACIÓN E DIAGNÓSTICO DE SITUACIÓNS DE CONTAXIO.....</b>	<b>15</b>
	<b>DECLARACIÓN RESPONSABLE (OBRIGATORIO PARA PARTICIPAR NAS COMPETICIÓNS FEDERADAS).....</b>	<b>25</b>



**PROTOCOLO POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA  
FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19**

**MODALIDADE DE PRECISIÓN**

## **1. INTRODUCCIÓN**

O obxectivo primordial é limitar ao máximo posible a capacidade de transmisión do coronavirus desde o primeiro desprazamento cara a instalación, espazo de práctica ou centro deportivo, durante o feito deportivo, e despois do mesmo. A través das condutas idóneas das persoas implicadas no feito deportivo.

### **A COVID-19: SÍNTOMAS E FORMA DE CONTAXIO.**

Segundo o establecido polas autoridades sanitarias, os síntomas máis habituais da COVID-19 son a febre, a tose seca e o cansancio. Pode haber outros síntomas atípicos e pouco frecuentes como pode ser dor de garganta, perda do gusto ou olfato e dores musculares, entre outros.

Unha persoa pode contraer a COVID-19 por contacto con outra que estea infectada polo virus.

A enfermidade propágase principalmente de persoa a persoa a través das gotículas que saen despedidas da nariz ou a boca dunha persoa infectada ao toser, estornudar ou falar. Unha persoa pode contraer a COVID-19 se inhala as gotículas procedentes dunha persoa infectada polo virus. Por eso é importante manterse alomenos a 1,5 metros de distancia dos demais ou uso de máscara se non se pode garantir esa distancia interpersonal de seguridade.

Estas gotículas poden caer sobre os obxectos e superficies que rodean á persoa, como mesas, pomos, varandas, material deportivo, etc. de modo que outras persoas poden infectarse se tocan eses obxectos ou superficies e logo tócanse os ollos, o nariz ou a boca. Por elo é importante lavarse as mans frecuentemente con auga e xabón ou con un desinfectante a base de alcól, evitar tocarse os ollos, a boca ou o nariz.



**PROTOCOLO POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA  
FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19**

**MODALIDADE DE PRECISIÓN**

## **2. OBXECTO E METODOLOXÍA**

O obxecto deste protocolo é establecer a metodoloxía a seguir Federación Galega de Tiro Olímpico no establecemento das medidas de prevención necesarias para facer fronte para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia. O protocolo federativo será de obrigada observancia para o conxunto dos estamentos federativos.

En todo caso, este é un proceso de análise flexible, formativo e continuo, que require dunha revisión permanente das situacións de contaxio e das medidas, atendendo á normativa que se vaia establecendo por parte das autoridades sanitarias, así como das situacións que vaian xurdindo en cada contexto deportivo.

## **3. MEDIDAS XERAIS PARA REDUCIR O RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19**

Todos os axentes que participan directa ou indirectamente na realidade deportiva deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición a ditos riscos.

Tralo proceso de recollida de información e análise das potenciais situacións de contaxio e en atención ao sinalado polas autoridades sanitarias, establécense unha serie de recomendacións xerais, concretándose para cada modalidade deportiva.



**PROTOCOLO POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA  
FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCACIONADA POLA COVID-19**

**MODALIDADE DE PRECISIÓN**

### **3.1. MEDIDAS DE DESINFECCIÓN E LIMPEZA DE SUPERFICIES E MATERIAL**

Con carácter xeral, respecto á limpeza e desinfección de espazos, materiais e superficies recoméndase:

- Utilizar desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada en auga a temperatura ambiente ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectaranse as indicacións da etiqueta. Así mesmo, non se deben mezclar produtos diferentes.
- Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro, e procederase posteriormente ao lavado de mans.
- Procurarase que os equipamentos ou ferramentas empregados sexan persoais e intransferibles, ou que as partes en contacto directo co corpo da persoa dispoñan de elementos substituíbles. No caso daqueles equipamentos que deban ser manipulados por diferente persoal, procurarase a dispoñibilidade de materiais de protección ou o uso de forma recorrente de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso.
- Na medida do posible, manter as portas abertas con cuñas e outros sistemas para evitar o contacto das persoas cos pomos, por exemplo.
- Disporase de papeleiras pechadas e con accionamento non manual, para depositar panos e calquera outro material desbotable.



**PROTOCOLO POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA  
FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19**

**MODALIDADE DE PRECISIÓN**



**3.2. MEDIDAS PARA OS AXENTES QUE DIRECTA OU  
INDIRECTAMENTE PARTICIPEN NA PRÁCTICA DEPORTIVA  
(Staff, deportistas, acompañantes, público, etc.)**

**Xerais:**

- Cumprir todas as medidas de prevención que estableza o club no seu protocolo.
- Conforme ao Real Decreto 286/2022 do 19 de abril, tanto no desenvolvemento de adestramentos e na celebración de competicións dentro da actividade deportiva federada de competencia autonómica non é obrigatorio o uso da máscara.
- Non obstante, aínda que remate a obriga do uso de máscara en interiores, recomendase a prudencia e o uso responsable en espazos pechados cando non se poida garantir que nas actividades se garde a debida distancia de seguridade interpersoal de 1,5m e a ventilación adecuada.
- No caso de utilizala, se se retira, é importante gardala axeitadamente para evitar que adquira ou transmita o coronavirus.
- Para a participación en competicións federativas é necesario firmar a Declaración Responsable anexa.
- Según o disposto no Diario Oficial de Galicia nº 126 do 27 de xuño de 2020, “O tipo de máscara que se debe empregar non deberá estar provista de válvula exhalatoria, agás nos usos profesionais para os que este tipo de máscara poida estar recomendada.”
- Sempre que sexa posible, os deportistas, durante a práctica deportiva deberán manter a distancia de seguridade interpersoal.
- Evitar lugares concurridos.
- Evitar en todo momento o saúdo con contacto físico.
- Utilizar panos desbotables e tiralos á papeleira, tras cada uso.



**PROTOCOLO POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA  
FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19**

**MODALIDADE DE PRECISIÓN**

- Asegurarse de manter unha boa hixiene respiratoria. Eso significa cubrirse a boca e o nariz co cóbado flexionado ou cun pano desbotable ao toser ou estornudar. Neste caso, desbotar de inmediato o pano usado e lavar as mans.
- Lavar con frecuencia as mans con agua e xabón ou con xel hidroalcohólico.
- Na medida do posible, evitar tocar os ollos, o nariz e a boca e no caso de facelo, prestar atención ao lavado previo de mans.
- Realizar un auto test antes de ir cara a actividade deportiva, para confirmar se pode ter síntomas de COVID-19: Teño febre, tos ou falta de alento?

**Desprazamentos aos adestramentos e ás competicións:**

- Non compartir vehículo particular con outras persoas non conviventes, sempre que sexa posible. De non ser así, priorizar formas de desprazamento que favorezan a distancia interpersoal e, en todo caso, recoméndase utilizar máscara. Ademáis é importante un asiduo lavado de mans ou emprego de xel hidroalcohólico antes de entrar e despois de saír do vehículo.

**Alimentos, bebidas ou similares:**

- Non se deben compartir alimentos bebidas ou similares. Recoméndase marcar os envases utilizados para evitar confusións.

**3.3. MEDIDAS DE VENTILACIÓN DAS INSTALACIÓNS**

- Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas durante un mínimo de 30 minutos ao inicio e ao remate de cada xornada, así como de forma continuada durante esta e obrigatoriamente ao remate de cada clase/sesión ou actividade de grupo. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá



**PROTOCOLO POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA  
FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19**

**MODALIDADE DE PRECISIÓN**



augmentarse a subministración de aire fresco e non se poderá empregar a función de recirculación do aire interior.

- Antes do inicio das actividades e do uso de vestiarios, baños, salas, etc.. asegurarse de que estean ben ventiladas e se fixeran as accións sinaladas no párrafo anterior.
- Durante as actividades en recintos pechados, na medida do posible, realizar os tempos de descanso e/ou recuperación en zonas ao aire libre ou ben ventiladas.

### **3.4. USO DE VESTIARIOS**

Na medida do posible evitar o uso do vestiario e especialmente da ducha.

- No caso de que os vestiarios non estiveran desinfectados e non houbera unha axeitada ventilación, non se deben usar. Neste caso os/as participantes no adestramento/competición deberán chegar debidamente cambiados/as da casa.
- No caso de que se utilice, o uso do vestiario estará limitado ao aforo determinado na normativa e a un número de persoas que permitan manter sempre a distancia de seguridade (+1,5 metros) entre elas e en todas as direccións.
- Organizaranse as quendas que sexan necesarias para cumprir coas normas de aforo, de ventilación e de desinfección.
- Despois do seu uso, as mochilas ou equipamento persoal deberán levarse á zona designada tal e como se indica nestas táboas.
- Limitar a estancia no vestiario ao tempo mínimo necesario , recomendase o uso da máscara, salvo que sexa imprescindible ducharse. Neste caso, quitar a máscara exclusivamente para entrar na ducha e colocala de novo tan pronto nos sequemos a cara e cabeza.
- Evitar falar, berrar, celebracións , etc... mentres esteamos no vestiario





**PROTOCOLO POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA  
FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19**

**MODALIDADE DE PRECISIÓN**



### **3.5. USO DE BAÑOS**

- Recoméndase o uso de máscara en todo momento
- Manter a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 m.
- Respetar as quendas de uso para cumprir aforos.
- Lavado de mans ou utilización de xel hidroalcolico ao entrar e ao saír.

### **3.6. OUTRAS MEDIDAS**

- **MEDIDAS ORGANIZATIVAS.**
  - O clube deberá garantir que os deportistas dispoñan do material de prevención, xa sexa porque o pon a disposición o titular da instalación, a entidade organizadora da actividade ou porque o traen os deportistas, staff, etc.
  - Evitar, na medida do posible, o uso de materiais compartidos durante a actividade. Se isto non fora posible, garantirase consonte o establecido no punto anterior a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado por parte dos axentes participantes e estableceranse os mecanismos de desinfección correspondentes.
  - Promoverase o pagamento con tarxeta ou outros medios que non supoñan contacto físico entre dispositivos, así como a limpeza e desinfección dos equipamentos precisos para iso.
- **MEDIDAS DE INFORMACIÓN**
  - O clube informará a todos os axentes que participen directa ou indirectamente na actividade sobre os riscos e medidas sanitarias e de hixiene que deben cumprir de forma individual. Deberá existir unha comunicación continua con todos os axentes da realidade deportiva.
  - Facilitaralle ao Staff, deportistas e outros axentes alleos á práctica deportiva, información sobre as medidas de hixiene e seguridade mediante cartelería



**PROTOCOLO POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA  
FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19**

**MODALIDADE DE PRECISIÓN**



en puntos clave dos espazos de práctica e acceso á mesma, na páxina web ou redes sociais da entidade e/ou mediante a entrega de documentos, preferiblemente por vía telemática.

- Deberase contar cunha sinalización visible sobre as medidas hixiénico-sanitarias e de prevención establecidas no desenvolvemento da actividade.
- Cando as instalacións onde se desenvolva a práctica deportiva dispoña de ascensor ou montacargas, promoverase a utilización das escaleiras.

- **MEDIDAS DE FORMACIÓN**

O clube deberá promover a formación, especialmente entre o staff para:

- Adaptar as actividades ás medidas e recomendacións marcadas polas autoridades sanitarias (distanciamento interpersoal, emprego de máscara, etc.). Revisión das actividades a desenvolver, suprimindo aquelas que promoven o contacto físico e primando as que poden levarse a cabo dun xeito máis individual ou con maior distanciamento, intentando non perder a dinámica de grupo, de ser así a especificidade da súa práctica deportiva.
- Formación sobre as medidas hixénico-sanitarias de carácter persoal recomendables, tales como a necesidade dun correcto e asiduo lavado de mans, o emprego de xel hidroalcolico, a colocación correcta da máscara, etc. co obxectivo de implementar estas medidas do contexto da práctica deportiva e tamén para trasladarllas aos deportistas e ao seu entorno co obxectivo de que se consoliden estes hábitos hixénico-sanitarios.



**PROTOCOLO POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA  
FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19**

**MODALIDADE DE PRECISIÓN**



#### **4. COORDINADOR DO PROTOCOLO FEDERATIVO**

A función de coordinador do protocolo federativo e interlocutor coa Secretaría Xeral para o Deporte corresponde a Iria Rancaño Otero con DNI 33.351.615-M

Para calquera dúbida ou consulta poderán poñerse en contacto a través do email [iria@fegato.es](mailto:iria@fegato.es).

#### **5. COMUNICACIÓN E SEGUIMENTO DE SINTOMATOLOXÍA COVID-19**

Calquera persoa (membro do staff, deportista, ou outro persoal) que presente síntomas compatibles coa COVID-19 pasará a ser considerado caso sospeitoso de COVID-19.

Os síntomas da COVID-19 son: febre maior de 37,5°C, tose seca, dificultade respiratoria, fatiga severa, cansazo, dor muscular, falta de olfacto, falta de gusto ou dor de gorxa.

As instrucións da xestión dos casos sospeitosos e confirmados da COVID-19 no sector deportivo federado de ámbito autonómico e estatal en Galicia poden revisarse na seguinte ligazón:

<https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Protocolo-deporte-federado>

É preciso indicar que nas instalacións deportivas debe existir un espazo de illamento habilitado que conte cunha ventilación axeitada e estea provisto de xel hidroalcolico, panos desbotables e unha papeleira con pedal.

No caso de utilizar esta sala de illamento, cómpre recordar a necesidade de realizar unha boa ventilación, limpeza e desinfección do espazo e do resto das estancias. Tamén será preciso illar o contedor/papeleira onde se depositaran os panos ou outros produtos usados na xestión deste caso sospeitoso, de ser o caso. Esa bolsa de lixo deberá



**PROTOCOLO POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA  
FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19**

**MODALIDADE DE PRECISIÓN**



ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito no lugar onde se determine.

- **COORDINADOR FISICOVID-DXTGALEGO DO CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA**

Cada club/entidade deportiva designará un coordinador para a implementación, cumprimento e seguimento do protocolo federativo, que será o único interlocutor en canto a este protocolo se refire coa Federación Galega, informándoa sobre as incidencias que se produzan no seu desenvolvemento.

Co obxecto de manter unha comunicación fluída entre a Federación, a Secretaría Xeral para o Deporte e as entidades deportivas que conforman a federación, é necesario que cada unha destas últimas conte cun/cunha COORDINADOR/A FISICOVID-DXTAGALEGO e llo comunique á Federación. Preténdese definir interlocutores entre os estamentos federativos e a administración deportiva e sanitaria, para poder ter unha comunicación fluída entre todos na loita contra a COVID19 e tamén para colaborar no desenvolvemento de actividades deportivas seguras.

As funcións dese coordinador serían: implementación na súa entidade do protocolo FISICOVID-DXTGALEGO da Federación, e ser o interlocutor coa federación deportiva correspondente para a comunicación das incidencias que poidan xurdir no entorno da entidade.



**PROTOCOLO POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA  
FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19**

**MODALIDADE DE PRECISIÓN**

## **6. PROCEDEMENTO DE COMUNICACIÓN DE INCIDENCIAS (CLUBS, FEDERACIÓN E SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE)**

As actuación a realizar polos casos e contactos estreitos de ámbito deportivo, serán as mesmas que na poboación xeral, serán os propios casos os que deben informar os seus contactos estreitos do diagnóstico de COVID para que extremen as medidas de protección.

Estratexia xeral de vixianxia e control de COVID 19 en Galicia (que facer se es un caso ou contacto de COVID 19)

<https://coronavirus.sergas.es/Contidos/Que-facer-contacto-covid>

Recomendacións preventivas para contactos estreitos de COVID 19 a partir do 07/03/2022

[https://www.sergas.gal/Saude-publica/Recomendacions-preventivas-  
contactos-estreitos](https://www.sergas.gal/Saude-publica/Recomendacions-preventivas-contactos-estreitos)



**PROTOCOLO POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA  
FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19**

**MODALIDADE DE PRECISIÓN**

## **7. AVALIACIÓN DOS RISCOS DE TRANSMISIÓN DE SARS-COV-2 PARA EVENTOS E ACTIVIDADES MULTITUDINARIAS NO CONTEXTO DE NOVA NORMALIDADE POR COVID-19 NOS PROTOCOLOS FISICOVID-DXTGALEGO ESPECÍFICOS DAS COMPETICIÓNS, EVENTOS E ACTIVIDADES.**

Os protocolos FISICOVID-DXTGALEGO específicos dos eventos/competicións e actividades multitudinarias ás que lles sexa de aplicación este protocolo, deberán partir dunha avaliación do nivel de risco de contaxio, tomando como referencia o documento “Recomendaciones para eventos y actividades multitudinarias en el contexto de nueva normalidad por covid-19 en España” elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade ([https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/COVID19\\_Recomendaciones\\_eventos\\_masivos.pdf](https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/COVID19_Recomendaciones_eventos_masivos.pdf)) ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.



## 8. TÁBOA DE IDENTIFICACIÓN E DIAGNÓSTICO DE SITUACIÓNS DE CONTAXIO

### TÁBOA DE IDENTIFICACIÓN E DIAGNÓSTICO DE SITUACIÓNS DE CONTAXIO E SOLUCIÓNS PROPOSTAS ÁS MESMAS DURANTE A COMPETICIÓN DE PRECISIÓN

ANTES	OUTROS (PÚBLICO, AUTORIDADES, PATROCINADORES)	PERSOA A PERSOA	Posibilidade de que unha persoa acceda ó recinto con síntomas de contaxio	– Proceder á toma de contacto de temperatura a todas as persoas na zona prevista de acceso único á instalación
ANTES	DEPORTISTA	AÉREA	Deportista que vai no seu coche a recoller a outro deportista para dirixirse á competición	– Recoméndase que salgan da casa con máscara. – Cando están no coche evitar contacto.
ANTES	DEPORTISTA	AÉREA	Entrada no campo	– Facelo gardando a distancia de seguridade – Recoméndase o uso de máscara sempre que non se esteá competindo
ANTES	DEPORTISTA	SUPERFICIE DE USO SECUENCIAL	Uso de aseos	– Respetarase o aforo permitido, procedendo a desinfección periódica dos mesmos
ANTES	DEPORTISTA	AÉREA	Uso de aseos	– Respetarase o aforo permitido, procedendo a desinfección periódica dos mesmos



**PROTOCOLO POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA  
FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCACIONADA POLA COVID-19**

**MODALIDADE DE PRECISIÓN**



ANTES	DEPORTISTA	AÉREA	Uso de vestiarios	Limitarase a estancia no vestiario so nos casos estritamente necesarios. Recoméndase o uso de máscara Limitación de aforo – Evitar falar
ANTES	DEPORTISTA	SUPERFICIE DE USO SECUENCIAL	Uso de vestiarios	Limitarase a estancia no vestiario so nos casos estritamente necesarios. Limitación de aforo Evitar falar
ANTES	DEPORTISTA	SUPERFICIE USO SECUENCIAL	Dirixirse o posto de tiro asignado previamente para cada tirador	– Facelo gardando a distancia de seguridade – Recoméndase o uso de máscara
ANTES	STAFF CLUB	SUPERFICIE DE USO SECUENCIAL	Designar os postos de tiro para cada tirador	– Facelo de forma alterna de forma que exista distancia de seguridade
ANTES	STAFF CLUB	SUPERFICIE DE USO SECUENCIAL	Acceso ás cámaras acorazadas	– Limpeza con xel
ANTES	STAFF CLUB	SUPERFICIE DE USO SECUENCIAL	Entrega de dorsais ós tiradores	– Colocar o dorsal na cadeira – Cada un que poña o seu dorsal – Utilizar xel
ANTES	OUTROS ALLEOS – PUBLICO	AÉREO	Entrada de público nas instalacións	– Limitar aforo – Gardar a distancia de seguridade – Recoméndase o uso de máscara
ANTES	OUTROS ALLEOS – PUBLICO	CONTACTO DE PERSOA PERSOA	Entrada de público nas instalacións	– Xel





PROTOCOLO POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA  
FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19

MODALIDADE DE PRECISIÓN

ANTES	STAFF (ÁRBITROS, OPERARIOS, AUXILIARES)	AÉREO	Traballo simultáneo de varios operarios ou persoal nas zonas comúns con motivo de levar a cabo os preparativos previos	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Recoméndase o uso de máscara</li> <li>– Gardar dentro do posible a distancia de seguridade</li> </ul>
ANTES	STAFF CLUB	AÉREA	Persoa que abre e pecha as instalacións e controla as instalacións	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Manter a distancia de seguridade</li> <li>– Recoméndase o uso de máscara</li> </ul>
ANTES	STAFF CLUB	SUPERFICIES DE USO SIMULTÁNEO	Persoa que abre e pecha as instalacións e controla as instalacións	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Limpeza con xel</li> </ul>
DURANTE	STAFF CLUB	SUPERFICIE DE USO SECUENCIAL	Cambio de postos dos deportistas despois de cada tanda	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Organización para que cada un utilice un ou os menos postos posibles</li> <li>– Limpeza despois de cada tanda</li> </ul>
DURANTE	STAFF CLUB – ÁRBITRO	SUPERFICIE DE USO SECUENCIAL	Os brancos son recollidos por axudantes e árbitros	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Aire: Que se encargue o deportista de recoller, levar e clasificar os seus brancos con supervisión do árbitro gardando a distancia</li> <li>– Recoméndase o uso de máscara</li> <li>– Fogo: utilizar xel</li> <li>– Limpeza da máquina de clasificación de brancos logo de cada uso</li> </ul>



**PROTOCOLO POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA  
FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19**

**MODALIDADE DE PRECISIÓN**



DURANTE	STAFF CLUB – ÁRBITRO	CONTACTO PERSO A A PERSOA	Pasar o control de armas	– Xel
DURANTE	STAFF CLUB – ÁRBITRO	AÉREA	Pasar o control de armas	– Recoméndase o uso de máscara Manter a distancia de seguridade
DURANTE	STAFF CLUB – ARBITRO	AÉREO	Vixían o desenrolo da competición	– Gardar a distancia de seguridade – Recoméndase o uso de máscara
DURANTE	DEPORTISTAS	MATERIAL DEPORTIVO DE USO ALTERNO	Compartir material entre deportistas	– Prohibido o intecambio e compartimento de materiais
DURANTE	DEPORTISTAS	AÉREA	Presencia de varios tiradores na zona de espera antes de tirar	– Manter a distancia de seguridade – Recoméndase o uso de máscara
DURANTE	DEPORTISTAS	AÉREA	No momento da realización da actividade deportiva no posto de tiro	– Recoméndase o uso de máscara – Gardar a distancia de seguridade
DURANTE	OUTROS (PÚBLICO, AUTORIDADES, PATROCINADORES)	AÉREA	Publico presenciando a competición	– Manter a distancia de seguridade – Recoméndase o uso de máscara
DURANTE	STAFF (DELEGADO FEDERATIVO)	PERSOA A PERSOA	Xestións administrativas do deportista relacionadas ca competición	– Atenderase de un en un – Recoméndase o uso de máscara
DURANTE	STAFF CLUB	MATERIAL DE USO ALTERNO	-Traballos de mantemento da galería	– Faráo unha sola persoa, e no caso de non ser posible



PROTOCOLO POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA  
FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19

MODALIDADE DE PRECISIÓN



				recoméndase o uso de máscara – Utilizar xel
DESPOIS	DEPORTISTA	Contacto por uso compartido de alimentos e bebidas	Compartir comida ou bebida antes da competición	– Queda prohibido compartir comida ou bebida antes da competición. Deberán marcala para evitar confusións
DESPOIS	DEPORTISTA	SUPERFICIE DE USO SECUENCIAL	Uso de aseos	– Respetarase o aforo permitido, procedendo a desinfección periódica dos mesmos
DESPOIS	DEPORTISTA	AÉREA	Uso de aseos	– Respetarase o aforo permitido, procedendo a desinfección periódica dos mesmos
DESPOIS	DEPORTISTA	AÉREA	Uso de vestiarios	Limitarase a estancia no vestiario so nos casos estritamente necesarios. Recoméndase o uso de máscara Limitación de aforo – Evitar falar
DESPOIS	DEPORTISTA	SUPERFICIE DE USO SECUENCIAL	Uso de vestiarios	Limitarase a estancia no vestiario so nos casos estritamente necesarios. Limitación de aforo – Evitar falar
DESPOIS	STAFF CLUB - ÁRBITROS	SUPERFICIE DE USO SECUENCIAL	Reconto de brancos e traslado á acta	– Aire: Encárgase o deportista do seu reconto con supervisión. O árbitro traslada á acta. Tíralos



PROTOCOLO POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA  
FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCACIONADA POLA COVID-19

MODALIDADE DE PRECISIÓN

				despois do prazo de reclamación. – Fogo: Reconto no cuarto de clasificación e traslado á acta. Utilizar xel
DESPOIS	STAFF CLUB - ÁRBITROS	AÉREA	Reconto de brancos e traslado á acta	– Manter a distancia de seguridade – Recoméndase o uso de máscara
DESPOIS	DEPORTISTAS	SUPERFICIE DE USO ALTERNO	Entrega de premios	*Nota ó pé
DESPOIS	DEPORTISTAS	AÉREA	Entrega de premios	*Nota ó pé
DESPOIS	STAFF	SUPERFICIE DE USO ALTERNO	Entrega de premios	*Nota ó pé
DESPOIS	STAFF	AÉREA	Entrega de premios	*Nota ó pé

\*Entrega de premios:

- Recoméndase o uso de máscara en todo momento e mantemento de distancia de seguridade interpersonal.
- Os trofeos/medallas estarán previamente desinfectados.
- As autoridades non farán entregas directamente; os trofeos/medallas estarán en unha mesa onde o deportista o recolle directamente e fará a foto en un sitio predefinido coa autoridade mantendo a distancia de seguridade.
- Disporanse os premios de xeito que os deportistas o recollan persoalmente e sen manipular ningún outro material.
- Tanto deportistas como autoridades terán unha distribución que permita manter as distancias de seguridade e as medidas hixiénicas establecidas polas autoridades.
- Non se farán fotos oficiais de grupo, “de familia” ou outras que supoña non poder manter as distancias de seguridade.



**TÁBOA DE IDENTIFICACIÓN E DIAGNÓSTICO DE SITUACIÓNS DE  
CONTAXIO E SOLUCIÓNS PROPOSTAS ÁS MESMAS DURANTE A  
ADESTRAMENTO DE PRECISIÓN**

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
ANTES	DEPORTISTA	CONTACTO PERSOA A PERSOA	Deportista que vai no seu coche a recoller a outro deportista para dirixirse ao espazo de práctica deportiva	<ul style="list-style-type: none"><li>– Recoméndase que salgan da casa con máscara.</li><li>– Cando están no coche evitar contacto.</li></ul>
ANTES	DEPORTISTA	AÉREA	Deportista que vai no seu coche a recoller a outro deportista para dirixirse ao espazo de práctica deportiva	<ul style="list-style-type: none"><li>– Recoméndase que salgan da casa con máscara.</li><li>– Cando están no coche evitar contacto.</li></ul>
ANTES	DEPORTISTA	AÉREA	Entrada no campo	<ul style="list-style-type: none"><li>– Facelo gardando a distancia de seguridade</li><li>– Recoméndase o uso de máscara sempre que non se estea adestrando</li></ul>
ANTES	DEPORTISTA	SUPERFICIE DE USO SECUENCIAL	Uso de aseos	<ul style="list-style-type: none"><li>– Respetarase o aforo permitido, procedendo a desinfección periódica dos mesmos</li></ul>
ANTES	DEPORTISTA	AÉREA	Uso de aseos	<ul style="list-style-type: none"><li>– Respetarase o aforo permitido, procedendo a desinfección periódica dos mesmos</li></ul>



**PROTOCOLO POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA  
FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19**

**MODALIDADE DE PRECISIÓN**



MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
ANTES	DEPORTISTA	AÉREA	Uso de vestiarios	Limitarase a estancia no vestiario so nos casos estritamente necesarios. Recoméndase o uso de máscara Limitación de aforo – Evitar falar
ANTES	DEPORTISTA	SUPERFICIE DE USO SECUENCIAL	Uso de vestiarios	Limitarase a estancia no vestiario so nos casos estritamente necesarios. Limitación de aforo – Evitar falar
ANTES	DEPORTISTA	SUPERFICIE USO SECUENCIAL	Dirixirse ó posto de tiro asignado previamente polo clube	– Facelo gardando a distancia de seguridade – Recoméndase o uso de máscara
ANTES	STAFF CLUB	SUPERFICIE DE USO SECUENCIAL	Designar os postos de tiro a cada tirador	– Facelo de forma alterna de forma que exista distancia de seguridade
ANTES	STAFF CLUB	SUPERFICIE DE USO SECUENCIAL	Acceso ás cámaras acorazadas	– Limpeza con xel
ANTES	STAFF CLUB	AÉREA	Persoa que abre e pecha as instalacións e controla as instalacións	– Manter a distancia de seguridade – Recoméndase o uso de máscara
ANTES	STAFF CLUB	SUPERFICIES DE USO SIMULTÁNEO	Persoa que abre e pecha as instalacións e controla as instalacións	– Limpeza con xel
				– Recoméndase o uso de máscara – Gardar a distancia de seguridade



PROTOCOLO POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA  
FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCACIONADA POLA COVID-19

MODALIDADE DE PRECISIÓN

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
DURANTE	DEPORTISTAS	AÉREA	No momento da realización da actividade deportiva no posto de tiro	
DURANTE	STAFF CLUB – ADESTRADOR	AÉREA	Corrección de erros ós alumnos	– Recoméndase o uso de máscara – Manter a distancia de seguridade
DURANTE	STAFF CLUB – ADESTRADOR	SUPERFICIE DE USO ALTERNO	Corrección de erros ós alumnos	– Limpeza da superficie
DURANTE	STAFF CLUB – ADESTRADOR	CONTACTO PERSOA A PERSOA	Corrección de erros ós alumnos	– Evitar contacto – Manter a distancia de seguridade
DESPOIS	DEPORTISTA	SUPERFICIE DE USO SECUENCIAL	Uso de aseos	– Respetarase o aforo permitido, procedendo a desinfección periódica dos mesmos
DESPOIS	DEPORTISTA	AÉREA	Uso de aseos	– Respetarase o aforo permitido, procedendo a desinfección periódica dos mesmos
DESPOIS	DEPORTISTA	AÉREA	Uso de vestiarios	Limitarase a estancia no vestiario so nos casos estritamente necesarios. Recoméndase o uso de máscara Limitación de aforo – Evitar falar
DESPOIS	DEPORTISTA	SUPERFICIE DE USO SECUENCIAL	Uso de vestiarios	Limitarase a estancia no vestiario so nos casos estritamente necesarios. Limitación de aforo



**PROTOCOLO POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA  
FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19**

**MODALIDADE DE PRECISIÓN**



<b>MOMENTO</b>	<b>AXENTE</b>	<b>TIPO DE CONTAXIO</b>	<b>DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN</b>	<b>MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS</b>
				– Evitar falar
DESPOIS	DEPORTISTAS	CONTACTO PERSONA A PERSONA	Xuntanza dos deportistas despois dun adestramento	– Evitar contacto e manter a distancia de seguridade – Recoméndase o uso de máscara – Limpeza de superficies comúns
DESPOIS	DEPORTISTAS	AÉREO	Xuntanza dos deportistas despois dun adestramento	– Evitar contacto e manter a distancia de seguridade – Recoméndase o uso de máscara – Limpeza de superficies comúns
DESPOIS	STAFF CLUB	SUPERFICIE DE USO SECUENCIAL	Adestramento continuado de deportistas	– Limpeza das superficies expostas despois de cada adestramento
DESPOIS	DEPORTISTA	Contacto por uso compartido de alimentos e bebidas	Compartir comida ou bebida	– Queda prohibido compartir comida ou bebida Deberán marcala para evitar confusións





**PROTOCOLO POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA  
FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19**

**MODALIDADE DE PRECISIÓN**



**DECLARACIÓN RESPONSABLE (OBRIGATORIO PARA PARTICIPAR  
NAS COMPETICIÓNS FEDERADAS)**

**ACEPTACIÓN DE CONDICIÓNNS DE PARTICIPACIÓN, OBRIGA DE INFORMACIÓN E  
CONSENTIMENTO INFORMADO, PARA PARTICIPAR**

**NA COMPETICIÓN: CPTO.**

**ORGANIZADA POR:**

**CON DATA:**

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_

con DNI/NIE \_\_\_\_\_ a

actuando en nome propio (persoa participante maior de idade)

como progenitor/tutor-a de la persona participante (menor de edad):

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_

con DNI/NIE \_\_\_\_\_

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONDICIÓNNS DE SAÚDE**

Declaro que a persoa participante non está diagnosticada de Covid-19, non presenta sintomatoloxía asociada a este virus (tose, febre, dificultade ao respirar, etc.) nin a presentou nos 14 días previos á data de entrada nesta actividade e non padece ningunha outra enfermidade contaxiosa.

Declaro que a persoa participante non convive con ninguén afectado polo Covid-19 nin estivo en contacto estreito nin compartiu espazo sen gardar a distancia interpersonal cunha persoa afectada polo Covid-19, nos 14 días previos á entrada nesta actividade.

Comprométome a notificar inmediatamente á organización calquera problema de saúde vinculado ao COVID-19 durante o transcurso da actividade.

**DECLARACIÓN DE COÑECEMENTO DOS RISCOS PARA PERSOAS VULNERABLES**

No caso de que a persoa participante sexa persoa vulnerable (*persoa maior de 60 anos/ persoa diagnosticada de hipertensión arterial, diabetes, enfermidades cardiovasculares, enfermidades pulmonares crónicas, cáncer, inmunodeficiencias/muller embarazada/ persoa con afeccións médicas anteriores*) e/ou convivinte cunha persoa vulnerable, declaro que son consciente do risco que corre tanto a persoa vulnerable participante como as persoas vulnerables coas que convive.



**PROTOCOLO POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA  
FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19**

**MODALIDADE DE PRECISIÓN**



**ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNIS PERSOAIS DE HIXIENE E PREVENCIÓN FRONTE AO COVID-19**

Lin e acepto as condicións de hixiene e prevención nas que se vai desenvolver a actividade.

**DECLARACIÓN DE QUE LEU E ACEPTA A INFORMACIÓN PROPORCIONADA POLA ORGANIZACIÓN SOBRE A ADAPTACIÓN DA ACTIVIDADE AO COVID-19**

Declaro que recibín e lin a información de adecuación da actividade ao COVID-19 da entidade responsable da actividade e que polo tanto teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos que propón.

Declaro que recibín e lin o Protocolo de actuación en casos de emerxencia ou risco de contaxio da entidade responsable da actividade.

**CONSENTIMENTO INFORMADO SOBRE COVID-19**

Declaro que, logo de recibir e ler atentamente a información contida nos documentos anteriores, son consciente dos riscos que implica, para a persoa participante e para as persoas que conviven con el, a participación na actividade no contexto da crise sanitaria provocada polo COVID-19, que asumo baixo a miña propia responsabilidade.

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

Asinado: \_\_\_\_\_